



ANUNCIO DO TRIBUNAL DO PROCESO DE SELECCIÓN DU MONITOR/DOCENTE OBRADOIRO E EMPREGO DE REVESTIMENTOS LIXEIROS E CONSTRUCCIÓN: FASE DE OPOSICIÓN

A Laracha, a 12 de decembro de 2023

Reunidos na Sala de Xuntas da Casa do Concello, ás 09:30 horas, os integrantes do Tribunal cualificador nomeados para a selección do proceso monitor/docente obradoiro e emprego de revestimentos lixeiros e construción son os seguintes:

Presidente

Ana Carmen Jiménez Mosquera, axente de desenvolvemento Local do Concello da Laracha

Secretaria:

Marta Vázquez Garea, Secretaria do Concello da Laracha.

Vocais:

Marta Caamaño Tuset, enxeñeira do Concello da Laracha.

Jorge Vidal Zapatero, tesoureiro do Concello da Laracha.

Particia García Varela, arquitecta do Concello da Laracha.

Procédese a configuración do exame que se vai realizar no día de hoxe ás 11:00 horas no Salón de Plenos da Casa do Concello.

O exame, segundo consta nas Bases, vai consistir en unha proba tipo test con 20 preguntas e 3 de reserva, con 3 respostas alternativas, das cales só unha será a correcta. Darase 3 puntos por cada resposta correcta e restarase 1,5 por cada resposta incorrecta. As non contestadas non restarán. Haberá que alcanzar un mínimo de 30 puntos para superar a proba.

Ás 11:25 horas o Tribunal trasládase ao Salón de Plenos para a realización da proba.

A secretaria do Tribunal fai o chamamento dos candidatos.

NOME	APELIDOS	DNI	ASISTENCIA
JOSE MANUEL	CARRIL ROMAR	***9852**	Non asiste
DIONISIO ALEJANDRO	TASENDE GONZALEZ	***5009**	Sí asiste

O exame comeza ás 11:30 e concédese 30 minutos para realizalo.

Unha vez rematado o Tribunal procede a súa corrección. A puntuación é a seguinte:

NOME	APELIDOS	DNI	PUNTUACIÓN OPOSICIÓN
DIONISIO ALEJANDRO	TASENDE GONZALEZ	***5009**	39



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

De seguido, realizase a proba de galego ao aspirante que consiste na tradución, do castelán ao galego dun anuncio extraído do DOG. O resultado da proba foi de APTO.

A puntuación total do proceso é o seguinte:

NOME	APELIDOS	DNI	TOTAL CONCURS O	TOTAL OPOSICIÓ N	TOTA L
DIONISIO ALEJANDRO	TASENDE GONZALEZ	***5009* *	0,85	39	39,85

Polo anteriormente exposto, este tribunal propón a **D. Dionisio Alejandro Tasende Gonzalez** para a súa contratación como Docente de revestimentos lixeiros para o obradoiro de emprego.

Segundo a Base 11ª a persoa aspirante proposta presentará, **no prazo de un (1) día hábil**, contado dende que se faga público o resultado da selección, os documentos acreditativos de que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base 2.ª desta convocatoria:

1. Copia compulsada do título esixido nas presentes bases.
2. Declaración xurada de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, de non estar en situación de suspensión de funcións, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
3. Declaración xurada de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade.
4. Certificado/informe médico de non padecer enfermidade nin eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto.
5. Fotocopia da cartilla da S.S.
6. Nº de conta bancaria cos 20 díxitos.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, a persoa aspirante proposta non presentase a documentación ou non acreditase reunir os requisitos esixidos, non poderá ser contratada e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que incorrera por falsidade.

E non sendo outro o obxecto da presente, dáse por rematado o acto sendo as 12,30 horas.

Ana Carmen Jimenez Mosquera
A presidenta do Tribunal

